

Proceso DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

A Asociación Terras de Compostela fará a selección das persoas participantes nas mobilidades faranse conforme os principios de publicidade e concorrencia competitiva entre persoas beneficiarias no ficheiro do SNGX.

- **REQUISITOS IMPRESCINDIBLES DOS PARTICIPANTES**

- ✓ Ter cumpridos **18 anos de idade** a data de presentación de solicitudes.
- ✓ Estar inscrito e figurar como **beneficiarios/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil** no ámbito da C.A. de Galicia, e cumprir todos os requisitos de carácter previo establecidos no sistema.
- ✓ **Non haber sido beneficiario** en convocatorias anteriores do **programa Galeuropa**.

- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PUNTUACIÓN MAXIMA	PUNTUACIÓN CANDIDATO
1. Mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras sufrisen, sempre que a acreditación das ditas circunstancias fose emitida con anterioridade á data da presentación da solicitude.	2 puntos	
2. Antigüidade no ficheiro do SNGX no ámbito da Comunidade Autónoma como persoa beneficiaria no ficheiro ate a data en que remate o prazo de presentación solicitudes de cada convocatoria de Galeuropa. (Máximo 1,20 puntos, puntuando 0,10 por cada mes que leve inscrito).	1,20 puntos	
3. Idade da persoa solicitante, de acordo co seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Maiores de 28 anos: 1,40 puntos ✓ De 26 a 27 anos: 1,20 puntos ✓ De 24 a 25 anos: 1 punto ✓ De 22 a 23 anos: 0,80 puntos ✓ De 20 a 21 anos: 0,60 puntos ✓ De 18 a 19 anos: 0,40 puntos. 	1,40 puntos	

4. Persoas en risco de exclusión social	1,90 puntos	
5. Participantes que residan nun concello do ámbito de actuación do GDR Terras de Compostela ** Acreditarase mediante certificado de empadramento	1,25 puntos	
6. Participantes que residan nunha zona rural ** Acreditarase mediante certificado de empadramento.	0,75 puntos	
7. Carta de motivación Valorarase exposición de expectativas, Beneficios e competencias que pode adquirir, valores que pode aportar o programa, presentación e imaxe do escrito.	0,75 punto	
TOTAL PUNTUACIÓN	9,5 PUNTOS	

En caso de empate priorizaranse as solicitudes polo seguinte orde:

1. Participantes que residan no ámbito de actuación do GDR Terras de Compostela.
2. Data de solicitude.